

ABROCHO DO VIRUS ÉBOLA EN ÁFRICA OCCIDENTAL. FACTORES ECOLÓXICOS NA SÚA APARICIÓN

Luis Díaz Cabanela, médico e vogal de saúde ambiental de ADEGA

Introdución

O virus ébola da cepa Zaire, a máis mortífera, apareceu no sur de Guinea Conakry en decembro do ano 2013. A partir dese foco inicial, estendeuse polo país e por Liberia e Serra Leona e posteriormente tamén Nixeria.

O virus do Ébola recibe o nome dun río existente na República Democrática do Congo, lugar onde o virus detectouse no ano 1976. Houbo abrochos en Sudán, Zaire, Costa de Marfil e Gabón.

O paciente cero

Coñecemos, con case toda seguridade, a quen e onde se produxo o primeiro contaxio. Trátase de Emile, un neno de 2 anos da vila de Meliandou na prefectura de Guéckédou moi perto da fronteira con Liberia e Serra Leona.

Tanto o neno como a súa nai, a súa irma de 3 anos e a súa avoa morreron despois de presentar un cadro febril, vómitos e diarrea negra. Os familiares contaxiáronse no enterro polo costume de despedirse afectuosamente dos difuntos.

A partir de ahí a enfermidade espallouse sen control, favorecida pola pobreza e carencia de medios do sistema sanitario.

O neno contaxiouse probablemente dun morcego da froita coñecido por ser reservorio natural do virus. Os morcegos son portadores aínda que non padecen a enfermidade. Din que poido contaminarse ao comer unha froita mordida previamente por un morcego infectado.

O ciclo natural da enfermidade

Os principais vectores que transmiten a enfermidade son tres especies de morcegos da froita :

Hypsignathus monstrosus, *Myonycteris torquata* e *Epomops franqueti*, os dous primeiros están presentes na zona do abrocho inicial, no sur de Guinea Conakry.

Estes mamíferos voadores poden transmitir a enfermidade tanto a primates como a humanos e algunhas especies de pequenos antílopes.

Factores mediambientais na aparición do abrocho

Todos aqueles factores que podan favorecer a proliferación destes morcegos da froita nas proximidades do habitat dos seres humanos favorecen a aparición de novos brotes.


Está ocorrendo algo así en africa occidental? Hai cambios no ecosistema provocados pola actividade humana que podan favorecer esa transmisión do virus? A resposta podería ser que si, debido aos cultivos de palma.

No sudeste asiático e indonesia as grandes extensións de cultivos de aceite de palma están destruindo a selva e diminuindo a biodiversidade. Sen embargo hai uns animais que proliferan nese novo nicho ecolóxico: os morcegos da froita.

O aceite de palma ten gran demanda no mercado internacional. É o tipo de aceite con máis volumen de produción, só superado polo aceite de soia. Utilízase para a elaboración de alimentos (bolería industrial, bolachas, etc.) e biocombustíbeis. Os alimentos con aceite de palma melloran o sabor e por tanto a aceptación polo consumidor pero este aceite ten un alto contido en colesterol polo que non é un alimento saudábel.

A zona do primeiro abrocho está incluída na ecorrexión Mosaico de selva e sabana de Guinea que se atopa en perigo crítico pola deforestación provocada polos frecuentes incendios e a agricultura.

A principal actividade económica de Guinea é a agricultura; perto do 80% da poboación depende dunha agricultura de subsistencia. Os principais cultivos alimenticios no 2004 eran: tapioca, arroz (845.000 t), llantén, ñames, maní (252.000) e millo (90.000 t). Os cultivos comerciais son: produtos da palmeira, plátanos, café (20.500t) e piñas.



Estarían os cultivos de palma en relación ca creación dun hábitat favorábel para os morcegos da froita? A resposta é con casi total seguridade que si. Os cultivos de palma son de recente introducción ou é un cultivo tradicional? En Guinea o 75% da produción de aceite de palma úsase para consumo local: usan o aceite para cociñar.

A planta *Elaeis guineensis* da que se obtén aceite de palma e orixinaria de África occidental e está presente nos parques naturais como o Parque Nacional Badiar. Por tanto

podería ser un cultivo tradicional.

No mapa superior podemos ver a vila de Meliandou, orixe da epidemia. Hai cultivos de palma (perímetro fucsia) e monte con palmas dispersas (raiado verde). O uso do solo é o seguinte:

Solo desnudo 32 ha

Cultivos 177,5 ha

Bosque 62ha

Monte baixo con palmas dispersas 452,3 ha
cultivos de palma 6,43 ha.

Conclusións

O lugar do abrocho orixinal ten un habitat favorable para os morcegos da froita debido a actividade humana polos cultivos de palma. Descoñecemos se estes cultivos son de recente introdución.

Luis Díaz Cabanela, médico e vogal de saúde ambiental de ADEGA